

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

RESOLUCIÓN do 5 de marzo de 2018, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se modifica a Resolución do 27 de decembro de 2017 pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2018.

Por Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 27 de decembro de 2017, aprobouse a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2018 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

O anexo A da citada resolución establece a relación de embarcacións e tripulantes autorizados para participaren neste plan de aproveitamento.

Con data do 6 de febreiro de 2018, o patrón maior da Confraría de Pescadores Virxe do Carne de Rianxo solicitou que se modifiquen os tripulantes autorizados nas embarcacións Curota, matrícula 3ª VILL-3-4-02, e Xoana con matrícula 3ª VILL-3-13-92.

Con data do 19 de febreiro de 2018, o patrón maior da Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo do Carril solicitou que se modifiquen os tripulantes autorizados nas embarcacións Mª del Carmen, matrícula VILL-3ª-2.652, e Porto, con matrícula VILL-3ª-10.131.

O cambio dos tripulantes non supón un aumento do número total de tripulantes autorizados ao dito plan.

Resolución:

Visto o exposto, acórdase a modificación dos tripulantes das embarcacións da confraría do Carril Mª del Carmen, matrícula VILL-3ª-2.652, e Porto, con matrícula VILL-3ª-10.131, e dos tripulantes das embarcacións da confraría de Rianxo Curota, matrícula 3ª VILL-3-4-02, e Xoana, con matrícula 3ª VILL-3-13-92, que figuran no anexo A da Resolución do 27 de decembro de 2017, e os tripulantes autorizados para participar neste plan pasan a ser os seguintes:

Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo do Carril:

Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
Mª del Carmen	VILL-3ª-2.652	Alfonso Barreiro Ferreirós



Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
Porto	VILL-3ª-10.131	Rafael Ozores Grande
		Begoña Barreiro Ferreirós

Confraría de pescadores Virxe do Carme de Rianxo:

Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
Curota	3ª VILL-3-4-02	Manuel Vidal Galbán
		Eloy Vidal Galbán
Xoana	3ª VILL-3-13-92	Juan Diego Tembra Domínguez
		Cristina Ces Ordóñez
		Manuel Tembra Vilanova

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no prazo de 1 mes desde a súa recepción, segundo o recollido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Pontevedra, 5 de marzo de 2018

José Manuel González González
Xefe territorial de Pontevedra

